

## **BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES POSTOS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2018**

### **LIMIAR**

O Concello de San Sadurniño solicitou unha subvención á Deputación provincial ao abeiro das Bases do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2018, publicadas no BOP núm. 41 do 28/02/2018.

Con data do 21/05/2018 foi publicada a resolución de concesión da subvención (BOP núm. 94), a través da cal contrataranse os tres postos de traballo temporais.

Con base ao anterior elabóranse as seguintes bases que rexerán o proceso de contratación do dito persoal temporal.

### **BASES**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

O obxecto das presentes bases é marcar os criterios de selección de traballadores e traballadoras para cubrir tres postos de traballo temporal no marco da subvención da Deputación provincial ao abeiro do Programa de integración laboral para o ano 2018.

#### **SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS**

As características das prazas e as funcións do persoal que se pretende contratar serían:

- Chofer: contrataríase 1 chofer, durante 6 meses, a tempo completo, para guiar os camións municipais, de recollida de residuos, así como a maquinaria agrícola, de cara a realizar tarefas de roza e limpeza de vías municipais. O salario bruto mensual do posto será de 1.400,76 euros.
- Albanel: contrataríase 1 albanel, a tempo parcial (6 horas/día), durante 5 meses para realizar pequenas obras de mantemento e mellora nas vías municipais e na rede de abastecemento de auga potable. O salario bruto mensual do posto será de 1.100,59 euros.
- Peón: contrataríase 1 peón, a tempo parcial (6 horas/día), durante 5 meses para prestar auxilio nas tarefas de recollida e tratamento primario dos diferentes tipos de residuos recollidos, así como na limpeza viaria municipal e nas obras no abastecemento de auga. O salario bruto mensual do posto será de 1.044,88 euros.

#### **TERCEIRA.- PUBLICIDADE**

A publicidade das bases deste proceso selectivo farase mediante un anuncio no Boletín oficial da Provincia, así como na web municipal ([www.sansadurnino.gal](http://www.sansadurnino.gal)) e no taboleiro de anuncios.

O resto de anuncios sucesivos vinculados a este proceso selectivo faranse na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de San Sadurniño.

#### CUARTA.- REQUISITOS XENÉRICOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para poder tomaren parte no proceso de selección será necesario que as persoas aspirantes reúnan os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española e ser maior de 16 anos, con idade non superior á de xubilación, sen prexuízo do disposto na legalidade vixente para o acceso dos nacionais dos Estados membros da UE, así como das persoas estranxeiras residentes en España
- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin estar en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares ás das presentes bases. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións
- Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e estar dispoñible para o emprego. Este requisito debe cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato

#### QUINTA.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ademais dos requisitos do punto anterior, en aplicación ao disposto no punto 2.1. das bases do Programa de Integración Laboral, as persoas aspirantes deberán estar incluídas nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

- Mulleres
- Maiores de 45 anos
- Persoas desempregadas de longa duración: aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandante de emprego
- Persoas con discapacidade, que teñan recoñecida un grao igual ou superior ao 33%
- Persoas en situación de drogodependencia
- Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego
- Persoas en fogar monoparental/monomarental
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais
- Persoas vítimas de violencia de xénero
- Persoas sen fogar

Por outra banda, no caso do posto de chofer de camiión e maquinaria municipal será imprescindible que a persoa a contratar estea en posesión efectiva do carné de conducir C.

#### SEXTA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR

As persoas interesadas deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello no prazo de cinco días hábiles contados dende a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a solicitude de participación segundo o Anexo I destas bases, acompañada da seguinte documentación:

- Documento de identidade
- Certificado da oficina de emprego que acredite ser unha persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego
- Tarxeta de demandante de emprego actualizada
- Documentación acreditativa do cumprimento dalgún dos requisitos específicos sinalados na base cuarta:
  - o Persoas con discapacidade: certificado do recoñecemento da dita discapacidade
  - o Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego, fogar monoparental/monomarental ou persoas sen fogar; vítimas de violencia de xénero: Informe dos servizos sociais municipais
  - o Chofer de camiión e maquinaria: Permiso de conducir C
- Documentación para a valoración de méritos e experiencia:
  - o Diplomas ou documentos que acrediten a realización de accións formativas organizadas ou financiadas por Administracións Públicas. Os cursos deberán expresar a súa duración en horas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico
  - o Informe de vida laboral actualizado
  - o Documentos acreditativos da experiencia laboral, como poden ser, por exemplo, contratos laborais ou nóminas

#### SÉTIMA.- ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará unha resolución, que será publicada no taboleiro de anuncios e na web municipal, aprobando a listaxe provisional de persoas admitidas ou excluídas, indicando as causas que deron lugar á exclusión. Concederáse un prazo de 2 días hábiles para a presentación de reclamacións ou subsanación de erros.

As reclamacións, se as houber, serán resoltas pola Alcaldía, á vez que se publica a relación definitiva de persoas admitidas e/ou excluídas, que será publicada no taboleiro de anuncios e na web municipal.

Coa listaxe definitiva figurará o lugar e data na que o tribunal se reunirá para valorar os méritos e sinalar o lugar e a data da realización dos exercicios, tendo en conta

que as probas para cada posto serán individuais e non coincidirán na hora da súa celebración.

#### OITAVA.- SISTEMA E CRITERIOS DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso - oposición.

Os procesos selectivos das tres prazas terán as seguintes fases:

1. Fase de concurso. Puntuación máxima: 4 puntos. Nela valorarase:

a. Por ter finalizado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados por Administracións Públicas. Puntuación máxima 2 puntos:

- Por cada curso de 10 a 50 horas: 0,10 puntos
- Por cada curso de 51 a 100 horas: 0,25 puntos
- Por cada curso de máis de 100 horas: 0,50 puntos

b. Experiencia profesional. Nela valorara a experiencia en traballos análogos ao obxecto da presente convocatoria. Puntuación máxima: 2 puntos.

- Por experiencia na categoría do posto ou análoga: 0,25 puntos por mes traballado

2. Fase de oposición. Puntuación máxima: 6 puntos. Consistirá na realización dun exame tipo test, para cada unha das prazas convocadas, sobre materias relacionadas co posto, de conformidade co temario que figura no anexo I destas bases. Esta proba escrita será un test de 20 preguntas e valorarase de 0 a 10 puntos debendo obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. Cada pregunta acertada valorarase con 0,5 puntos. A non presentación á proba suporá a eliminación do proceso selectivo.

##### 2.1. Proba de galego.

En aplicación do previsto no artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, a respecto da acreditación do galego; aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente) terán unha proba oral de galego, que será cualificada como apta ou non apta. Aquelas persoas aspirantes que se atopen imposibilitados para a realización da proba oral, realizarana por escrito.

Quedarán exentas da realización desta proba as persoas que, no momento de realización da proba correspondente á fase de oposición, estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente.

Se o tribunal o considera conveniente, poderá acordar a celebración desta proba na mesma xornada que a proba da fase de oposición, concedéndolle ás persoas participantes un descanso mínimo de trinta minutos, agás renuncia expresa, entre a celebración das probas.

#### NOVENA.- RESOLUCIÓN

Concluída cada fase do proceso selectivo e finalizado o proceso selectivo, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios e na web municipal as puntuacións acadadas, en cada unha das fases e a súa suma, por cada unha das persoas aspirantes, establecendo un prazo de dous días hábiles para a presentación de reclamacións.

No caso de empate terán preferencia as persoas que non perciban ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego e, se persiste o empate as persoas con data de maior antigüidade en situación de desemprego.

No caso de existiren reclamacións reunirse novamente o tribunal para resolvelas. A cualificación obtida polas persoas aspirantes será a resultante da suma dos puntos obtidos nas fases de concurso e de oposición.

O Tribunal cualificador elevará unha proposta de contratación ao Alcalde a favor das persoas aspirantes que obtivesen a puntuación total máis alta, o que se propoñerá para a súa contratación.

O resto de persoas candidatas que superaran o proceso selectivo formarán unha lista de agarda, ordenada en función da puntuación total obtida, aos efectos de ter que recorrer a contratacións de substitución das persoas inicialmente seleccionadas no marco do programa de integración laboral de 2018.

Aprobada por decreto da Alcaldía a proposta do tribunal, notificarase ás persoas interesadas para que subscriban o contrato laboral correspondente.

#### DÉCIMA.- O TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal estará composto polas seguintes persoas:

Presidente: Juan José Rodríguez Sueiras ou traballador/a que o substitúa

Secretaria: Iria Díaz Gavela ou traballador/a que a substitúa

Vogal 1: Manuel Hermida López ou traballador/a que o substitúa

Vogal 2: Cristina Paz Galindo ou traballador/a que a substitúa

Vogal 3: Mónica Cebreiro Caneiro ou traballador/a que a substitúa

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura de prazas convocadas, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á Alcaldía, cando neles concorran circunstancias previstas de abstención recollidas na normativa de procedemento administrativo común. Ademais, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando se dese calquera das circunstancias de abstención.

Para a válida actuación do tribunal será precisa a presenza da maioría dos seus membros.

#### **ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO**

Don/a \_\_\_\_\_, con documento de  
identidade nº \_\_\_\_\_, con enderezo en \_\_\_\_\_,  
parroquia de \_\_\_\_\_, Concello de \_\_\_\_\_, teléfono  
\_\_\_\_\_, correo electrónico \_\_\_\_\_

EXPÓN: Que desexa participar no proceso selectivo convocado ao abeiro da subvención da Deputación Provincial no marco do Programa de Integración Laboral

mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes correspondente á anualidade 2018, para a provisión do posto de (marque o/s que considere):

- Chofer de camión e maquinaria
- Albanel
- Peón especial de obras públicas

Para tal efecto FAI CONSTAR:

- 1) Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.
- 2) Que non está separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin está incurso en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares ás das bases. Que, no caso de ser nacional doutro Estado, non está inhabilitado/a ou en situación equivalente nin está sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- 3) Que non padece enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- 4) Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases.
- 5) Que son certos todos os datos sinalados na presente solicitude.
- 6) Que achega coa presente solicitude a documentación xustificativa para a súa estimación.

SOLICITA: Ser admitida/o para participar no referido proceso selectivo.

Documentación que achega (marque o que proceda):

- Documento de identidade
- Certificado da oficina de emprego que acredite de ser unha persoa desempregada inscrita no SPEG como demandante non ocupada e estar dispoñible para o emprego.
- Tarxeta de demandante de emprego actualizada
- Informe de vida laboral
- Certificado de recoñecemento dunha discapacidade
- Informe de servizos sociais
- Permiso de conducir C
- Diplomas e certificados de cursos e accións formativas
- Contratos ou documentos acreditativos da experiencia laboral

En \_\_\_\_\_., a \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_, de 2018

Asdo.:

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

## **ANEXO II**

### POSTO DE CHOFER. TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN:

1. Parroquias e lugares de San Sadurniño
2. Principais vías de comunicación
3. Características básicas dos camiións
4. Características básicas dos tractores
5. Medidas de seguridade básicas para o uso de maquinaria

### POSTO DE ALBANEL. TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN:

1. Parroquias e lugares de San Sadurniño
2. Principais vías de comunicación
3. Ferramenta propia do posto de albanel
4. Medidas de seguridade básicas para o traballo en obras

### POSTO DE PEÓN. TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN:

1. Parroquias e lugares de San Sadurniño
2. Principais vías de comunicación
3. Ferramenta propia do posto de peón
4. Medidas de seguridade básicas para o traballo en obras